



Puntazo Expres no Pont Up Store: explica en 5 min o teu proxecto emprendedor

O Concello de Pontevedra promove dous espazos de encontro específicos na tarde de venres 23 de setembro de 2016 no marco do Pont Up Store.

Puntazo Expres: explica en 5 minutos o teu proxecto emprendedor.

19.30h Oportunidade de presentar, en formato speed dating, proxectos emprendedores en funcionamento a 5 representantes de entidades/empresas galegas de renome.

Viño aberto a profesionais

21h Espazo informal de networking.

Se tes un proxecto emprendedor que sexa innovador e creativo, animáte e achega a túa candidatura!. As propostas deberán ser enviadas a través do formulario on line que estará operativo en pontupstore.com entre os días 1 e 15 de setembro de 2016.

Podes solicitar +info en puntazo@pontupstore.com

Que é Puntazo Expres?

Puntazo Expres: explica en 5 min o teu proxecto emprendedor é unha iniciativa promovida pola Concellaría de Promoción Económica e Turismo do Concello de Pontevedra que se vai celebrar o venres 23 de setembro de 2016 durante o Pont Up Store, e enmárcase dentro do proxecto “Pontevedra ten un puntazo” deseñado e promovido por devandita concellaría.

A finalidade deste Puntazo Expres é facilitar o achegamento e o diálogo entre persoas emprendedoras e representantes de empresas e entidades galegas de renome a través da presentación de 10 proxectos de novo emprendemento, cun formato dinámico e áxil.

Cada unha das persoas seleccionadas deberá presentar a cinco interlocutores/as diferentes un proxecto en concreto (o mesmo para todos/as), contando para iso con cinco minutos por presentación.

É dicir, presentará o mesmo proxecto a cinco persoas diferentes, durante cinco minutos a cada unha.



Puntazo Expres no Pont Up Store: explica en 5 min o teu proxecto emprendedor

Quen pode participar?

Pode participar no **Puntazo-Expres** calquera persoa maior de idade que teña un proxecto emprendedor que sexa innovador e creativo, en funcionamento, con menos de 3,5 anos (42 meses) dende a súa creación ou un proxecto en fase moi avanzada de desenvolvemento con prototipos de produtos/servizos e expectativas reais de lanzamento a curto prazo.

Poden participar entidades, empresas, asociacións ou colectivos sempre que se designe a unha persoa representante que será a encargada da presentación do proxecto.

Como participar?

Para participar no **Puntazo-Expres** é preciso presentar unha proposta de participación, a través do formulario de inscrición que atoparás en **pontupstore.com** entre os días 1 e 15 de setembro de 2016.

Neste formulario solicitarase información básica da persoa responsable do proxecto emprendedor e un breve resumo **do mesmo**.

Proceso de selección?

Unha vez recibidas as propostas, a organización seleccionará un máximo de dez, para o que se baseará en criterios como:

- ◇ **Orixinalidade, innovación e creatividade do proxecto.**
- ◇ **Valor social do proxecto.**
- ◇ **Claridade e concreción.**
- ◇ **Potencial impacto económico ou social.**
- ◇ **Capacidade de desenvolvemento futuro.**

A organización poñerase en contacto coas persoas representantes das propostas seleccionadas para pechar aspectos loxísticos e organizativos.



Puntazo Expres no Pont Up Store: explica en 5 min o teu proxecto emprendedor

Como se presentan os proxectos?

Os proxectos seleccionados presentaranse o día **23 de setembro ás 19.30 h** no marco do Pont Up Store.

Para iso, a persoa representante de cada proxecto fará unha presentación de cinco minutos para cada unha das entidades membros do comité (cinco en total). É dicir, realizará a mesma presentación 5 veces seguidas, pero a entidades diferentes.

Prazos

As solicitudes deberán ser presentadas a través do formulario en liña que atoparás en **pontupstore.com** entre os días 1 e 15 de setembro de 2016. A listaxe dos proxectos de novo emprendemento seleccionados para formar parte das presentacións en formato speed-dating será publicada o luns **19 de setembro**.

Podes solicitar máis info en **puntazo@pontupstore.com**

Quen vai escoitar os proxectos?

Aquí atoparás +info sobre as persoas/entidades designadas para escoitar os proxectos de novo emprendemento seleccionados. Cada unha delas representa a 5 empresas galegas de renome, o que supón a oportunidade de presentar propostas empresariais, creativas e innovadoras a potentes interlocutores/as de distintos sectores.

Anímate a enviar a túa candidatura!



Puntazo Expres no Pont Up Store: explica en 5 min o teu proxecto emprendedor



Marcos Suárez

Fundador e director de I+D en **Qbitia**. Licenciado en Física, conta con cinco anos de experiencia en proxectos de investigación na USC. En 2011, xunto con outros tres compañeiros da carreira, funda **Qbitia**, startup pontevedresa con oficinas en Londres e Chicago, orientada a crear aplicacións para os mercados financeiros. Unha das súas funcións e o deseño de novas funcionalidades a partires do contacto continuo cos clientes a través de marketing dixital e de feiras internacionais. Foi dúas veces xurado no premio nacional Emprendedor XXI de La Caixa e Enisa.



Pedro Pérez-Torres Calvar

Licenciado en Dereito e Máster Internacional en Dirección de Empresas do IE. Anteriormente ao seu ingreso na parte marítima do **Grupo Pérez Torres**, traballou en diversas empresas como PWC (Londres, Reino Unido), Banco Pastor (Madrid, España) ou Grupo Boluda (Madrid, España) e, adicionalmente, participou de forma activa no desenvolvemento internacional da parte industrial do Grupo Pérez Torres en Vitoria, Brasil. Tras ocupar diversos postos directivos en Pérez Torres Marítima, actualmente exerce funcións de Dirección e participa de forma activa no desenvolvemento de negocio en Portugal, ademais de ser Conselleiro en varias sociedades do sector loxístico portuario.



Javier Aliste

Javier Aliste é responsable de proxectos en **FINSA**, está especializado no deseño e desenvolvemento de ferramentas comerciais e promocionais (catálogos, apps, web, etc) É un apaixonado do marketing dixital, e participa activamente no desenvolvemento de campañas comerciais para os diferentes mercados e canles nos que opera FINSA, coordinando eventos promocionais, imaxe corporativa, etc.



Puntazo Expres no Pont Up Store: explica en 5 min o teu proxecto emprendedor



Idoia Cuesta

Idoia Cuesta é deseñadora e creadora téxtil. Foi premio nacional de Artesanía en 2014, destacando por combinar con mestría tradición, deseño e experimentación. Pezas súas desfilaron en pasarelas de moda como Madrid Cibeles ou participaron en feiras internacionais como Maison&Object (París), Tendence (Frankfurt), Tent (Londres) ou Formex (Estocolmo). Entre as súas numerosas colaboracións cabe salientar o traballo desenvolvido coa firma de luxo LOEWE, no desenvolvemento de prototipos e posterior produción de bolsos.



María Xosé Fernández

Licenciada en Física e posgraao en Dirección de sistemas de información en entornos de software libre. Dende o ano 2000 dirixe **Dimensiona**, empresa especializada na consultoría informática e na prestación de servizos no ámbito das tecnoloxías da información e comunicación ofrecendo solucións baseadas en software libre.

Protección de datos: Segundo a LOPD 15/1999 e o seu Regulamento de desenvolvemento informámoslle de que os datos recollidos nos formularios de participación serán incorporados a un ficheiro temporal coa fi nalidade de xestionar a actividade "Puntazo Expres". O devandito fi cheiro temporal estará dotado das medidas de seguridade oportunas relativas á natureza deste. Unha vez transcorridos trinta días dende a fi nalización da actividade, o fi cheiro será totalmente destruído e os seus datos non serán empregados por tanto para ningunha outra fi nalidade. Para máis información relativa ao dereitos ARCO (acceso, rectifi cación, cancelación e oposición) dirixanse ao responsable das bases.

